



Xoan Castaño Conde gaña o Campionato Provincial de Pontevedra de Cans de Rastro sobre Coello

O pasado 12 de setembro disputábase no Tecor "A Mondarizana" en Mondariz (Pontevedra) o Campionato Provincial de Pontevedra de Cans de Rastro sobre Coello, organizado pola Federación Galega de Caza en Pontevedra en colaboración coa Sociedade de Cazadores "A Mondarizana".

Participaban na proba un total de 21 lotes, sendo finalmente Xoan Castaño Conde o vencedor da proba co lote formado por Volta, Vaira, Valina e Tina que acadou 548 puntos. Segundo foi M. Víctor Casqueiro Casqueiro que acadaba 546 puntos con Lor, Rita, Rex e Cora, e no terceiro posto remataba José Manuel Brea Gómez con Pelé, Pinto, Laika e Roxa e 465 puntos.



O premio ao mellor can era para Lora (Bola), conducido por M. Víctor Casqueiro Casqueiro, que facía 152 puntos na proba.

CLASIFICACIÓN POR LOTES			
Pos	Conductor/Propietario	Nome dos Cans	Puntos
1º	Xoan Castaño Conde	Volta – Vaira – Valina – Tina	548
2º	M. Víctor Casqueiro Casqueiro	Lor – Rita – Rex – Cora	546
3º	José Manuel Brea Gómez	Pelé – Pinto – Laika – Roxa	465
4º	Ramón Busto Castiñeiras	Dakar – Cuba – Vento – Dunha	455
5º	José A. Gómez Pérez	Rayo – Tejo – Diana – Lira	420

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com